



Premios Talento Mozo Galicia

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca os premios Talento Mozo Galicia para o recoñecemento de traxectorias excelentes e proxectos impulsados e postos en marcha por mozos e mozas galegos.

Cos premios Talento Mozo Galicia trátarase de recoñecer e visibilizar o talento e as capacidades da xuventude galega, nas modalidades de ciencia, rural, deporte, empresa e cultura e creación.

Poderán optar aos premios Talento Mozo as persoas mozas que reúnan os seguintes **requisitos**:

- Ter entre 18 e 35 anos na data en que finalice o prazo de presentación de candidaturas.
- Estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia na data en que finalice o prazo de presentación de candidaturas.
- Contar cunha traxectoria relevante na modalidade do premio a que concorra. Os méritos que motivan a candidatura deben estar referidos a circunstancias acreditadas con carácter previo á data de publicación da convocatoria.

Premios

- Outorgarase un premio de 5.000 € en cada unha das modalidades.
- As persoas premiadas recibirán, ademais da dotación económica do premio, unha distinción honorífica e un diploma acreditativo.

As **solicitudes** deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario **BS327A** dispoñible en <https://sede.xunta.gal>.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto **ata o 30 de abril de 2021**. Máis información no DOG do 30 de marzo de 2021